UMA ANÁLISE METODOLÓGICA DO PROJECTO DA EUROCIDADE CHAVES – VERÍN, DESDE A PERSPECTIVA SOCIO-ECONÓMICA E AMBIENTAL

Pardellas de Blas, Xulio* xulio@uvigo.es
Figueroa Dorrego, Pedro**figueroa@uvigo.es

*Departamento de Economía Aplicada
**Departamento de Organización de Empresas e Marketing.
Universidade de Vigo

RESUMO

Chaves e Verín son dúas cidades-fronteira con vínculos tradicionais de intercambio e cooperación entre as súas xentes e a idea de crear estruturas institucionais para afortalar as relacións entre ambas ten xa uma longa historia. Foi a oportunidade aberta pola nova programación comunitaria 2007-2013 e o seu obxectivo de cooperación territorial, quen permitíu a posta en marcha do actual proceso de construción duma Eurocidade.

Este traballo, como resumo do estudo realizado polos autores para aquel proceso, analiza a proposta da estratexia para creación e consolidación da Eurocidade Chaves-Verín, tentando de achegar uma base de discusión sobre os factores económicos e os axentes sociais que integran o proceso, desde a consideración de que a Eurocidade debe ser construída en torno a un núcleo ben sólido de valores e apostas comuns aos dous municípios, que a estratexia incorpore temáticas de xeometría variable, designadamente ambientais, e finalmente, que o cuadro de axentes sociais a envolver debe ser suficientemente alargado para multiplicar os efectos de cada acción concreta e de cada liña temática. En paralelo, debe recoñecerse o papel central de coordenación e dinamización das administracións locais (autarquias) en todas as fases do proceso.

Palabras clave: Eurocidade, desenvolvemento local, cooperación transfronteiriza

INTRODUCIÓN

A cooperación territorial dentro da Unión Europea e, máis concretamente a transfronteiriza, están entrando na segunda xeración, ou o que é o mesmo, pasando da fase do predominio das infraestruturas á fase da preponderancia do vivir cotían dos

cidadáns, artificialmente separados. Esta é a aposta comunitaria: a cooperación de proximidade. Neste contexto, as Eurocidades son un elemento moi acaído. Están sendo entendidas, en todas as fronteiras, como verdadeiros laboratorios de construción de cidadanía, de vivir compartido entre iguais.

Chaves e Verín son dúas cidades con sólidos vínculos de intercambio e cooperación entre as súas xentes. A idea de crear estruturas institucionais que afortalen as relacións entre ambas ten um longo percorrido acariñado pólas duas alcaldías desde vai algún tempo. Non obstante, foi a estrutura de oportunidade aberta pola nova programación comunitaria 2007-2013 e o seu fincapé na cooperación territorial, elevada a obxectivo xunto coa converxencia e a aposta polo crecemento e o emprego, e pola ampliación do Eixo Atlántico, na que Verín se incorporou a asociación, quen permitiu a posta en marcha do actual proceso de construción dunha Eurocidade.

Sendo uma iniciativa plenamente local, nacida co impulso e as ideas das dúas alcaldías, o Eixo Atlántico animou e prestou o seu asesoramento desde o principio ao proxecto porque coincidía absolutamente coas orientacións estratéxicas que se trazou para o período 2007-2013 na súa Axenda Estratéxica, que ten como un do seus alicerces xustamente, o fomento da gobernanza e do parceirado ao través de estruturas como a Eurocidade.

En decembro de 2007 os dous alcaldes lanzaban oficialmente, en Chaves, o proxecto de Eurocidade apadriñado polo Secretario de Estado de Desenvolvimento Regional de Portugal, polo Conselleiro de Economía (Xunta de Galicia), polo Vicepresidente da Comisâo de Coordenâo e Desenvolvimento da Regiâo Norte (CCDR-N e máis polo Presidente da Deputación de Ourense, entre outras autoridades. Uma das suas primeiras decisións foi a encomenda a un grupo de profesores e expertos para elaborar un diagnóstico e umas propostas de actuación nos ámbitos do turismo, do termalismo e máis da ordeación do territorio e o ambiente, que foron presentadas no outono de 2008 e que se analizan nesta comunicación.

O CONTEXTO LEGAL E DUAS EXPERIENCIAS DE EUROCIDADES

O actual Marco Financieiro para o periodo 2007-2013 e dentro da política rexional europea, o novo obxectivo de Cooperación Territorial, herdeiro da anterior iniciativa comunitaria Interreg, presenta umas oportunidades interesantes para proxectos que

impliquen ás eurorrexións e nese marco lexislativo foi integrada a proposta que afecta ás cidades de Chaves e Verín. Con todo, a idea base leva xa anos funcionando e antes de entrarmos na análise concreta do documento que nos ocupa, convén coñecer algumas das experiencias que por vecindade xeográfica ou polas caraterísticas dos seus contidos, poden servir como referencia.

A) EUROCIDADE VASCA E CONSORCIO BIDASOA TXINGUDI

Desde 1993 está a desenvolverse a experiencia da Eurocidade Vasca San Sebastián-Bayonne, para a que se estableceron tres eixos estratéxicos:

- Conformar a plataforma atlántica de intermodalidade, comunicación e información, seguindo as directrices do documento ETE (Estratexía Territorial Europea) que propugna a creación de euro-corredores de desenvolvemento para unha mellor e maior accesibilidade dos territorios e do Libro Blanco do Transporte da Comisión Europea que incide no fomento da intermodalidade e na necesidad de revitalizar o ferrocarril.
- Estructurar unha metrópole policéntrica en rede que poña en valor as súas potencialidades: a riqueza e calidad do entorno medioambiental; a concentración de centros de innovación e desenvolvemento tecnolóxico ligado ao tecido productivo; a tradición industrial plasmada, principalmente, na presenza de Pemes competitivas; os recursos humanos de calidad; a calidad cultural; o nivel satisfactorio dos equipamientos urbanos. Seguindo o modelo da ETE, a Eurocidade aspira a estruturar a metrópoli lineal policéntrica en rede, mediante a posta en práctica dunha xestión compartida do espazo, das infraestruturas e da oferta de servizos e equipamentos, co obxectivo de promover un nivel de calidade que responda ás esixencias dunha metrópole de rango europeo.
- Protexer e dar valor ao patrimonio natural, cunha primeira actuación consistente na constitución dun "Taller ambiental" que, partindo do coñecemento mútuo e das primeiras representacións cartográficas comúns, comeza a abordar unha xestión compartida daqueles elementos que, pola súa naturaza, non poden comprender a noción de fronteira, tal é o caso do litoral costeiro ou dos espazos naturais. Mesmo se publicou a primera guía transfronteriza de equipamientos de educación ambiental.

Sen embargo, o tamaño desta Eurocidade que engloba a 600.000 habitantes e a diferencia entre a alta renda no lado español (PIB NUT Crescente de 130,8 en 2005) e a

menor do lado francés (PIB NUT decreciente de 101,2 en 2005), aconsellaron enfocar un espazo máis equilibrado desde o punto de vista poboacional. Por iso, é de interese coñecer a experiencia desenvolvida no corazón da Eurocidade Vasca, é dicir, a experiencia do Consorcio Bidasoa-Txingudi, uma entidade de dereito público ao abeiro do Tratado de Bayonne, que reune as cidades de Hendaya (14.000 habitantes), Hondarribia (15.000) e Irún (60.000), nun Consorcio constituido en 1998. Os seus principais campos de actuación son: turismo (destino Bidasoa, edición conxunta de ferramentas turísticas), cultura (axenda cultural de verán, festival de músicas do mundo BIDASOAFOLK, Txingudi eguna), infraestruturas e servizos (guía transfronteiriza en edición electrónica, plan de mobilidade de Bidasoa-Txingudi, servizo de transporte marítimo para pasaxeiros Hondarribia-Hendaya), deportes (pertenza a Eurorede do deporte e participación nos Encontros de Eurodeporte entre rexións fronteirizas) e desenvolvemento económico (proxecto Pyme Bidasoa-Txingudi para crear uma agrupación de empresas para a exportación).

B) EUROCIDADE FRANKFURT ODER-SLUBICE

Máis lonxe das nosas terras, en 1993 constituíase a Eurorrexión Pro Europa Viadrina entre entidades sociais e locais de Alemaña e Polonia. O corazón desta estrutura está situado entre as cidades de Frankfurt Oder (D), con 63.784 habitantes cun descenso do 18% desde 1990 e nunha NUT cun PIB decrecente de 74,2 en 2005, e Slubice (PL), con 22.809 habitantes e nunha NUT cun PIB crecente de 46,2 en 2005. Amén da experiencia transfronteiriza que supoñen a Universidade Europea Viadrina (1991) e o Collegium Polonicum (1992), o máis interesante é a Estratexia Frankfurt (O)-Slubice 2003, nacida do plan de desenvolvemento urbano común transfronteirizo elaborado en 1997 polas dúas cidades. Esta estratexia tivo como base principal o xardín europeo 2003, un proxecto de renovación urbana que descansa na recuperación das dúas beiras do rio Oder e a construción dun céntrico espazo común verde que mellore a imaxe e a calidade de vida das dúas cidades. Outras iniciativas destacables nesta Eurocidade, instituida como tal en 2004, poden ser a constitución en Frankfurt dun comité polaco-alemán para xestionar un mercado común de vivendas, un corpo común de bombeiros previsto para 2011, un sistema compartido de promoción de feiras e eventos e un mesmo paquete turístico para as dúas cidades elaborado en 2006.

REVISIÓN DA LITERATURA CIENTÍFICA SOBRE DESENVOLVEMENTO ENDÓXENO E COMPETITIVIDADE TERRITORIAL

A principios dos anos 80 prodúcese a confluencia de duas liñas de investigación que darán lugar ao que se coñece como desenvolvemento endóxeno: uma de carácter teórico, que nace como consecuencia da tentativa de encontrar uma noción conceptual que permitise a acción pública para o desenvolvemento de localidades e rexións atrasadas (Friedman e Douglas 1978; Stör 1985) e outra de carácter empírico, que xurde derivada da interpretación dos procesos de crecemento industrial em lugares concretos do sur de Europa (Becattini 1979; Brusco 1982; Fuá 1983: Garofoli 1983: Vázquez Barquero 1983).

Os procesos de industrialización endóxena apareceron firmemente enraizados no territorio, xurdiron en pequenas e medianas cidades da man dos emprendedores locais, e ao longo do tempo foron acumulando un saber técnico, formaron sistemas relacionais propios e consolidaron formas culturais autónomas que explican a sua continuidade no tempo. Asi foi creándose un entorno económico e institucional que proporciona ás empresas locais recursos, servicios e redes de cooperación que lles permiten mellorar a sua competitividade nos mercados (Aydalot 1986).

Con este enfoque, o territorio pasou a ocupar un papel de axente de transformación e non un simple soporte dos recursos e das actividades económicas, xa que as empresas e demais actores do territorio interactúan entre si, organizándose para desenvolver a economía e a sociedade. O punto de partida do desenvolvemento na comunidade territorial é o conxunto de recursos (económicos, humanos. institucionais e culturais) que constitúen o seu potencial endóxeno. Son xustamente as pequenas e medianas empresas as que, coa sua flexibilidade e a sua capacidade emprendedora e organizativa están chamadas a ter un papel protagonista nos procesos de desenvolvemento endóxeno (Vázquez Barquero 2005).

Se aplicamos este concepto aos casos de Galicia e Norte de Portugal, advertimos que o impulso de inicio dos cambios estructurais no seu sistema productivo nos anos 80 despois da crise, semella responder nidiamente a este modelo. A iniciativa empresarial contou cunha importante dotación do recurso traballo, coa man de obra que se incorporou á producción industrial procedente do sector agrícola, contou igualmente coa disponibilidade do aforro procedente da mesma actividade agraria ou comercial, e singularmente coas remesas da emigración, e sobre todo, encontrou unha estructura

territorial consolidada e un forte apoio social e institucional (Comission Europènne 1999).

O desenvolvemento endóxeno na eurorrexión constitúe así un proceso que tomou sentido no territorio e foi articulándose sobre o entorno local das cidades, onde se concentran as externalidades positivas producidas pola dinámica conxunta dos actores sociais e agregadamente pola creación institucional de condicións favorables para o comercio e a actividade económica, que reducen os costes de transacción entre as empresas e o resto dos axentes económicos de ámbalas dúas rexións. Neste contexto, o papel das infraestructuras foi claramente definidor dun modelo de cooperación que pode resituar a este territorio xa no corto prazo, nos mercados europeos e mundiais, ainda a pesar da súa situación periférica en términos xeográficos e económicos (Pardellas 2000, 2007).

Desde esa mesma filosofía, cómpre recordar que o actual contexto económico, caracterizado polos contínuos cambios tecnolóxicos, incerteza dos mercados e elevada competitividade en todos os sectores provocou novos desafios para os sistemas económicos e empresas que deben desenvolver novos produtos e á vez diferenciarse dos competidores a todos os niveis. Neste marco de actuación a innovación e a cooperación desempeñan un papel fundamental na competitividade, ampliando o termo aos territorios e non só ás cuestións empresariais.

Agora ben, a aplicación do concepto de competitividade á problemática territorial, tanto urbana como rexional, presentou nos últimos anos serias dificultades metodolóxicas, ata considerando dous planos diferentes de enfoque: o microeconómico, circunscrito ós problemas empresariais e o macroeconómico, coa perspectiva dun nivel nacional ou rexional. En xeral, desde o enfoque micro existe certo consenso sobre o concepto e os instrumentos e indicadores, o que permite realizar comparacións a nivel internacional, con todo, desde a Unión Europea vén suscitándose a necesidade de incrementar a competitividade rexional desde a creación dos programas de Fondos Estructurales, acentuando os esforzos en conseguir territorios equilibrados, cuns niveis de competitividade similares.

Nese sentido a competitividade aparece asociada, no enfoque macroeconómico, á capacidade dunha economía para transferir a súa produción a actividades con maior productividade e que deben xerar un nivel máis elevado de salarios reais. A competitividade debe analizarse así asociada a niveis crecentes de vida e maiores oportunidades de emprego, non soamente en cantidade senón en calidade.

Ademais, se a aplicación do concepto de competividade á problemática territorial (competitividade rexional e urbana), enfróntase a serias dificultades, non resultan menores para referise a un territorio onde conflùen por unha banda as diferenzas lexislativas de dous paises e por outra, as non menos importantes desigualdades competenciales entre a administración autonómica galega e a inexistente autonomía da Regiâo Norte. Neste caso, operar con aquelas variables requiere necesariamente un difícil equilibrio entre o nivel micro (a calidade na xestión das empresas) e o nivel macro e institucional (as políticas de desenvolvemento da Xunta de Galicia e de Lisboa (Figueiredo e Pardellas 2005).

Unha boa ilustración global destes problemas pode ser a notable achega que o número de decembro de 2004 da revista *Regional Studies*, dedica ao tema da competitividade. O título do artigo introductorio da revista (Kitson et al., 2004, p. 991), "Rexional Competitiveness: an Elusive yet Key Concept?" evidencia esa situación de paradoxa, non dubidando os autores en falar, a propósito do tema da competitividade, como unha cuestión de fe, con innumerables fieis e seguidores, aínda que o concepto estea lonxe de ser inequívoco ou exento de conflictividade.

Krugman (1994, 1996) foi dos primeiros economistas en cuestionar a lixeireza con que o concepto de competitividade é transportado das realidades mercado – empresa (para as que non ser competitivo implica desaparecer), cara á idea de competitividade da nación (Porter, 1990; 2002). Esta última vertente experimentou significativos desenvolvementos conceptuais e metodolóxicos operados no ámbito da competitividade das nacións, cruzando os traballos pioneiros de Porter cos do World Economic Forum, enriquecidos máis recentemente con achegas de economistas prestixiosos da teoría do crecemento económico (Sala i Martin, 2003).

Doutra banda, os documentos da D. G Regio sobre a programación de Fondos Estruturais para o período 2007-2013 acentúan fortemente a vertente da competitividade rexional, en canto prioridad de envolver un conxunto máis significativo de territorios nos esforzos de produción sustentable de riqueza. En idéntico sentido, a centralidade dos indicadores de produtividade no concepto xeral introduce por si mesmo un forte conflito, dado que nos leva á vasta literatura dos factores ou determinantes do crecemento da produtividade, así como ao debate hoxe aberto entre as correntes do crecemento endóxeno e do condicionado (Vázqez Barquero 1999).

Tal e como outras achegas veñen recoñecer (R. Camagni, 2002; ECORYS, 2003), a evolución do concepto de competitividade rexional xorde así, fortemente influenciada

por dúas liñas de progresión: a que parte da competitividade das empresas e da súa agregación, e a que tende a prolongar a análise dos determinantes macro da produtividade e do seu crecemento cara ás rexións, polo que é cada vez máis necesario atopar algunha perspectiva de síntese entre as dúas liñas de investigación. Igualmente, deben ser considerados relevantes dous interesantes puntos de vista: o de Begg (1999), sinalando que os factores que influencian a competitividade urbana poden expresar tamén condicións económicas nacionais e ata internacionais, que transcenden o efecto directo da propia dinámica da cidade. E de forma complementaria, o de Turok (2004), recordando que as cidades son, simultáneamente, fonte de vantaxes (a dimensión dos seus recursos e o papel como catalizadoras do seu uso eficiente), e de problemas (fenómenos de desurbanización e de externalidades negativas asociadas aos custos de aglomeración).

O debate científico apenas está iniciado, pero resulta evidente que un proxecto como o da Eurocidade ha de inscribirse nesa liña para enfrontar os desafíos que lle acainxa no curto prazo. O antes citado equilibrio para compensar a asimetría das competencias administrativas entre uma bandae outra do río Támega, cecais pode estar garantido, tendo en contao decidido apoio da Xunta de Galicia e máis o da CCDR-N, o que implicaría ás decisións macro. Outro tema serán as decisións micro, que inexcusablemente deben tomar as empresas, e tanto o diagnóstico, como as propostas analizadas neste documento, teñen como obxectivo achegar claves de interpretación e actuación que faciliten aquelas decisións (González Gurriarán, J. y Figueroa Dorrego, P., 2005, 2006, 2007, 2008)

DUAS REALIDADES CONVERXENTES

Chaves é un municipio con cerca de 45.000 habitantes (dos quais cerca de 20.000 no perímetro urbano), sendo o centro urbano estruturante do territorio do Alto Tâmega (6 municipios con cerca de 100.000 habitantes).

Verín, polo seu lado, é un municipio con cerca de 13.000 habitantes, centro de uma extensa área funcional (que inclui á Comarca de Monterrei-Verín, com 30.000 habitantes, mas tamén algúns municipios en Comarcas veciñas).

As duas cidades distam entre si menos de 30 minutos e están, ben encadradas no espazo ibérico [através das auto-estradas A7 (ligazón à Área Metropolitana do Porto, ao aeroporto internacional do Porto e ao porto de Leixões, cerca de 1,5 horas), A52

(ligazón a Ourense, Vigo e respectivos porto e aeroporto, cerca de 1,5 horas, a Madrid, cerca de 4 horas, à fronteira francesa, cerca de 6 horas) e A24, para sul (futura ligazón en autoestrada a Lisboa, que estará así a cerca de 4 horas)].

Reforzan esta centralidade geográfica algúns factores de centralidade funcional: o Parque de Actividades de Chaves e a Plataforma Loxística Transfronteiriza de Chaves (integrada no Programa Portugal Logístico) son xa a realidade concreta de uma futura plataforma loxística *multicentros* e *multifuncional*, prevista no Plano Estratéxico Ourense 2010 (INORDE).

A cooperación entre as duas cidades ancórase, polo tanto, en diversas dinámicas converxentes:

- a **proximidade** geográfica, histórica, cultural e político-institucional, que foi aprofundada em anos recentes, através da multiplicación de iniciativas de cooperación transfronteiriza, de mellora das acesibilidades e dos patróns de mobilidade e da consolidación de un espazo de vida común (residencia, lecer, emprego);
- a existencia de **factores de complementariedade e de interese comúns**, sexan recursos territoriais e económicos a preservar e valorizar, sexam apostas nos domínios da loxística e acollimento empresarial, sexam ainda problemas comúns de xestión urbana e territorial, que permitiron desenvolver a cooperación con base en liñas de acción concretas;
- as **políticas de desenvolvimento rexional nacionais e europeas,** e en especial os apoios á cooperación transfronteiriza, á par da integración das duas cidades na Associação do Eixo Atlântico, que facilita a multiplicación de iniciativas en común.

Froito destas dinámicas son os diferentes proxectos comunitarios compartidos polas dúas cidades:

- Interreg III-A: centros de interpretación museística. Este proxecto fíxose tamén coa Mancomunidade do Salnés e tratouse de facer un centro de interpretación en cada Concello. Rematou a 30 de xuño de 2007 - Interreg III-A: Promoción da rede cultural: tratouse de promocionar os anteriores centros. Remata o 30 de xuño de 2008 - Interreg III-A: Contrabando. Este programa é para a sinalización dos núcleos de poboación, rutas,.... Remata o 30 de xuño de 2008 - Cooperación transnacional Leader +: completar a sinalización dos pobos. Remata o 30 de xuño de 2008.

Neste contexto, o aprofundamento da relación através da creación de uma *Eurocidade* figura como uma aposta ambiciosa mas coerente com o pasado recente; o proceso político xa foi iniciado polas duas autarquias e conta co envolvimento das autoridades portuguesas e galegas. Chaves e Verín reunen dúas características moi importantes para converterse numa das primeiras experiencias europeas deste tipo. En primeiro lugar, a vontade política das administracións (locais, provinciais, autonómicas e nacionais) para levar adiante a iniciativa. En segundo lugar, a súa condición de porta de acceso do Eixo interior da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal; un Eixo interior necesitado de medidas de apoio, polo seu caracter de territorio de baixa densidade, para permitir a súa converxencia co Eixo litoral.

A Eurocidade non se constrúe só coa agregación das fortalezas e debilidades das dúas partes. O máis importante é xerar plusvalías que permitan mellorar a calidade de vida dos cidadáns e o atractivo das dúas cidades como destinatarias de investimentos e creación de emprego. Sempre partindo dos recursos propios, noutras palabras, trátase de conseguir xuntos cousas que dificilmente se poderían lograr por separado, aproveitando externalidades e economías de escala.

O PROCESO METODOLÓXICO

Desde o inicio o equipo de traballo marcou como obxectivo presentaren un programa de actuacións a desenvolver no territorio para que a idea de Eurocidade pasase dos despachos das alcaldías, dos gabinetes de expertos á sociedade civil. É evidente que a Eurocidade só terá sentido se aporta valor engadido ao vivir cotiá dos cidadáns, si a cidadanía percibe vantaxes á cooperación co veciño para superar xuntos os atrancos que dificultan o desenvolvemento integral do territorio. Esta aposta pola participación e a implicación guiou, desde o primeiro momento, o traballo do equipo redactor plasmándose nunha metodoloxía interactiva e que, sen deixar de ter sentido crítico, acollese as realidades, as dinámicas e as visións dun panel alargado de axentes.

Esta opción metodolóxica basease no recoñecemento de que a “eurocidade” é un proceso que xa estaba no terreo, cun certo grado de recoñecemento pola sociedade en xeral e cun apoio e liderado político ben visible, que obriga o equipo de traballo a facer unha lectura desa dinámica para, a partir dela, construír un proceso mais consistente de intervención, apostando, entre outros, nos seguintes principios:

- Nun contexto en que as dinámicas económicas e sociais presentan algunhas debilidades, a Eurocidade debe ser construída en torno un núcleo ben sólido de valores, procesos e recursos, e que ademais podan ser apostas comúns os douos municipios, non dispersando os esforzos en temáticas casuísticas ao sabor das oportunidades . A Eurocidade debe construirse en torno dunha visión, mesmo de unha "marca", ben delimitada e de gran exclusividade.
- A Eurocidade ten unha escala propia, debendo a estratexia incorporar temáticas de xeometría variable do espazo rexional, e é fundamental que se consiga facer a lectura desas temáticas a partir dunha perspectiva de afirmación do eixo Chaves-Verín.
- O cadro de axentes a envolver debe ser suficientemente alargado para multiplicar os efectos de cada acción concreta e de cada liña temática. A Eurocidade carece tanto de proxectos visibles, para demostrar a súa vantaxe e interes de forma xeneralizada, como da construción de lazos inter-institucionais que podan garantir a sustentabilidade futura. No entanto. Debese recoñecer o papel central da coordinación e dinamización que as administracións locais deben desempeñar en todas as fases do proceso.

Concretando este proceso, os traballos foron iniciados cunha análise documental socioeconómico e especialmente o proceso de cooperación entre os dous concellos para o lanzamento da Eurocidade. Xa nesta fase inicial se detectaron tres ámbitos de traballo para focalizar o estudo: sustentabilidade, desenvolvemento económico e eurociudadanía. A partir destes ámbitos iniciais, a metodoloxía privilexiou a realización de encontros exploratorios e interactivos entre ao equipo e os axentes locais envolvidos en temáticas pertinentes para a Eurocidade.

En duas sesións organizadas en febreiro de 2008, en Chaves e Verín, participan en discusións de grupo ou entrevistas individuais con representantes do mundo político (Alcaldes, Concelleiros e partidos políticos), dos sectores socias (saúde, acción social, cultura, educación, xuventude e deportes), medios de comunicación escritos e falados, dos sectores de urbanismo e do ambiente, dos sectores produtivos (comercio, turismo, industria, agricultura e madeira, entre outros) e do desenvolvemento rural. Os paneis de discusión xuntaron mais de 60 persoas nas dúas cidades, previamente convidadas e

preparadas o través do envío previo dun documento de encadramento das sesións e dos seus obxectivos.

A incorporación das respectivas contribucións e o traballo de reflexión do equipo permitiu a elaboración dunha diagnose (expresada en termos de facilitadores e barreiras) estruturada nos tres ámbitos anteriormente comentados, orientando o deseño estratéxico en torno a unha visión (a Eurocidade da Auga) e de tres Eixos Estratéxicos (Forxar a Eurocidadanía, Un Territorio Sustentables e Dinamización Económica).

DIAGNOSE: BARREIRAS E FACILITADORES

A partires da primeira fase do proceso centrado no análise da situación actual, evolución e expectativas nos dous concellos e a súa área de influencia, baseado fundamentalmente no análise documental e a información extraída das entrevistas e mesas de traballo con axentes locais, o equipo de traballo centrouse na realización dunha diagnose co gallo de detectar os principais factores que facilitan (FACILITADORES) ou dificultan (BARREIRAS) o desenvolvemento e consolidación da Eurocidade Chaves - Verín. Esta diagnose será o documento base para o deseño posterior da proposta de Axenda Estratéxica.

Tal como se comentou anteriormente estes factores (facilitadores e barreiras) organizáronse en torno a tres grandes ámbitos de reflexión para consolidar os obxectivos da axenda: a Eurociudadanía, un Territorio Sustentable e a Dinamización Económica. A continuación sinalamos algúns dos principais aspectos detectados nestes tres ámbitos e que son unha versión moi reducida do traballo efectuado.

1) EUROCIUDADANÍA

- ***Facilitadores:*** Importancia estratéxica na UE da cooperación transfronteiriza de segunda xeración e existencia dun marco xurídico o través das AECTs (Asociacións Europeas de Cooperación Territorial). Existencia de estruturas desenvolvidas de cooperación transfronteiriza ao nivel rexional e experiencias de cooperación entre as dúas cidades. Apoios políticos (locais, provinciais, autonómicos e nacionais) o proxecto da Eurocidade. Importante tradición cultural (oral, literaria, musical, artes plásticas e gastronómica). Existencia de fortes complementariedades en

infraestruturas, equipamentos e servizos no eido da saúde, formación, cultura e deporte.

- ***Barreiras:*** Existencia de dous cadros legais, fiscais, tarifarios, administrativos e burocráticos, e falta de correspondencia da autonomía de Galicia (Xunta de Galicia) na organización político-administrativa portuguesa. Forte dependencia da iniciativa pública e insuficiente nivel de cooperación entre organizacións civís, cunha insuficientes dinámicas socias para o cambio e implicación da cidadanía . Existencia de asimetrías na dimensión territorial, urbana, económica, comercial e de infraestruturas, e interiorización da fronteira cun baixo nivel de relacións sociais, cun posible afloramento de intereses contrapostos no proceso de construción. Insuficiente información e estruturas conxuntas de coordinación no eido da saúde, formación, cultura e deportes.

2) TERRITORIO SUSTENTABLE

- ***Facilitadores:*** Territorio con uniformidade xeolóxica e ausencia de fronteira física. Curso do río Támega, perpendicular a fronteira, que conforma un corredor de enorme riqueza natural e ambiental. Existencia de importantes espazos naturais na área e de espazos verdes urbanos con potencial para proxectar unha imaxe de calidade e de espazo saudable. Existencia se centros urbanos e núcleos rurais dun importante valor patrimonial, histórico e cultural que conformadores dunha identidade común. Plans de ordenación do territorio en proceso de elaboración en ambos os dous Concellos. Desenvolvemento da Axenda 21 en Chaves. Importantes recursos para o desenvolvemento de enerxías renovables. Existencia de infraestruturas de comunicación nas áreas urbanas que facilitan a conectividade.
- ***Barreiras:*** Asimetrías no tratamento do corredor do Támega que dificulta a protección, clasificación e xestión (Rede Natura en Verín e petición de paisaxe protexido en Chaves). Ausencia dun tratamento integrado do río Támega como recurso turístico de lecer. Non armonización dos plans de saneamento e depuracións das augas e recollida e tratamento de residuos.

Atraso na incorporación a Axenda 21 en Verín. Importantes diferenzas normativas para o desenvolvemento de enerxías renovables e un planeamento enerxético integrado.

3) DINAMIZACIÓN ECONÓMICA

- ***Facilitadores:*** Relevante concentración de recursos de augas termais e minerais en todo o territorio, conformadoras de identidade histórica e de identificación (imaxe), cunha considerable actividade en torno o termalismo de saúde e de augas engarrafadas. Importante oferta hoteleira con potencial para o desenvolvemento dunha oferta de calidade acorde cun destino de excelencia. Relevancia do comercio e a restauración como factor de interrelacións económicas e sociais e experiencias recentes de cooperación público - privada. Existencia de iniciativas para a modernización e dinamización de espazos comerciais. Localización xeográfica e rede de estradas que facilitan a mobilidade e accesibilidade da área. Existencia de parques empresariais e loxísticos e proxectos de novas realizacións que potencian a localización empresarial. Importantes recursos agro gandeiro e forestal con produtos de calidade con capacidade diferencial. Experiencias de emprendemento e existencia de formación e asesoramento na área.

- ***Barreiras:*** Importantes diferenzas na lexislación e normativas comerciais que limitan os fluxos económicos e sociais. Falla de coordinación empresarial e institucional para planeamento integrado de desenvolvemento dos sistema empresarial da área. Insuficiente nivel de renovación e modernización do pequeno comercio e establecementos de restauración tradicionais (profesionalización, formación, equipamentos, entre outros) para cosolidar unha oferta de maior calidade. Non existencia de estruturas de cooperación para planificar, coordinar e promover infraestruturas de localización empresarial. Organización da producción agro alimentaria de pequeno volume (minifundismo) e baixo nivel de transformación en produtos de maior valor engadido. Insuficiente cultura de empredemento e innovación na área.

DESEÑO ESTRATÉXICO

Como xa foi referido mais atrás, desde a fase inicial dos traballos foise consolidando unha visión estratéxica asentada en tres eixos: o da sustentabilidade territorial e ambiental, o da dinamización económica e o da eurocidadadanía. Esta primeira aproximación ficou confirmada coa incorporación dos contributos recollidos xunto dos actores locais, que permitiron centrar as orientacións dos traballos, estruturándose a proposta, en torno a unha **visión (*a Eurocidade da Auga*)** e de tres eixos estratéxicos para a súa construción: **EE1 Forxar a Eurocidadanía, EE2 Un territorio sustentable e EE3 Dinamización económica**.

Estes Eixos Estratéxicos se concretan en 10 medidas, cada unha delas concretizada en liñas de acción e actuacións, para as cales se avanza un conxunto de recomendacións e consideracións (o seu encadramento nas visións dos axentes locais, as cuestións relacionadas cunha visualización e financiamento e grao de prioridade que lles é atribuído (alta/media/baixa).

De seguido farase un comentario sintético de cada un dos eixos estratéxicos (3), dos que as medidas (10), liñas de acción (29) e actuacións (96) correspondentes son unha resposta o a diagnose efectuada para baseándose nos facilitadores superar as barreiras detectadas (ver para cada eixo a diagnose correspondente comentada no punto anterior). A táboa do anexo e sintetiza a proposta de organización do programa de acción (non inclúe as actuacións relacionadas a cada liña de acción).

EE1) FORXAR A EUROCIUDADANÍA

Este eixo ten como obxectivo construír un sistema de valores que dote os cidadáns dunha identidade complementaria e beneficiosa: a da eurocidán dentro do seu territorio natural. Trátase de profundar no sentido de pertenza a unha comunidade, que constitúe o alicerce mais sólido para desenvolver o concepto de Eurocidade Chaves – Verín. Neste marco establecéronse tres medidas (que se concretan en 10 liñas de acción e 30 actuacións): **Unha Zona Franca Social**, **Cidade da Saúde** e **Cidade Creativa**

- **Unha Zona Franca Social**: Esta medida é dunha importancia estratéxica capital. Sendo traducida polo concepto de zona franca social,

representa unha idea transversal a todas as medidas a protagonizar pola Eurocidade, relativa à esfera social da vivencia conxunta destas dúas poboacións a idea de un espazo contiguo, xeográfica e socialmente articulado, en prol da mellora da calidade de vida dos seus cidadáns, e asente nunha lóxica de complementariedades. A capacidade de concretización de unha zona franca social, entendida como o aceso universal e común dos cidadáns a un conxunto de servizos públicos/ de carácter colectivo/ social das dúas cidades, vai ser o termómetro que avaliará o grao de éxito ou fracaso da eurocidadanía.

- **Cidade da Saúde:** A definición diste concepto podería estenderse aos ámbitos da prevención e máis da atención sanitaria, aínda que considerando a existencia de importantes recursos termais nos dous municipios, tanto a análise, como as propostas sobrepasan extensamente a definición tradicional de saúde, orientándose a crear un novo modelo de referencia coa integración de varios recursos que acentúan o concepto de benestar. En todo caso, e sempre desde a consideración das directrices europeas, o se tenta é conseguir o uso máis eficiente de tódolos recursos que poidan mellorar o nivel de vida dos cidadáns.
- **Cidade Creativa:** Neste caso, o tema da cidade creativa xurde aplicado a un territorio que carece da creatividade urbana como factor de diferenciación e de consolidación da cidade transfronteiriza do punto de vista da súa imaxe de atractividade e de xeración de novas iniciativas. Tratase de mobilizar enerxías de creatividade ao servizo da diferenciación da cidade transfronteiriza; de tirar partido de dinámicas culturais existentes ou latentes no sentido de criar emprego; suscitar novas actividades, con énfase na creación artística en xeral e literaria en particular; e mobilizar o potencial de innovación dos actores intérpretes das diferentes formas de creatividade atinxindo novos estadios de afirmación da identidade local.

EE2) UN TERRITORIO SUSTENTABLE

Si un territorio quere ter futuro non pode esquecer un enfoque sustentable no presente, e unha aposta pola eurocidade xa demostra que é unha aposta de futuro, que non pode Chaves-Verín: empezar senón e dende a sustentabilidade

do territorio para garantir un desenvolvemento ben baseado e coherente. Moito mais, nun mundo de globalización onde os aspectos medioambientais e de sustentabilidade enfócanse dende unha óptica global aínda que as accións sexan locais. Esta sustentabilidade do territorio e das cidades, permitirá ser o motor de atracción das persoas cara a determinadas zoas, e polo tanto, preséntase como elemento clave para o desenvolvemento económico e social das sociedades. Neste eixo estratéxico as propostas se recolleremos nunha serie de medidas que se aglutinan en tres grandes ideas (que se concretan en 9 liñas de acción e 31 actuacións): **A Cidade Ecolóxica do Támega, Planeamento Territorial Cooperativo, e Chaves – Verín dous Barrios Conectados dunha mesma Cidade.**

- **A Cidade Ecolóxica do Támega:** No ámbito da eurocidade Chaves-Verín prodúcese un feito extraordinario en comparación co resto da fronteira entre Galicia e o Norte de Portugal. En lugar de existir un elemento natural que marca a fronteira como é o caso do río Miño ou algúns montes en outras zoas, aquí o río Támega discorre perpendicular a fronteira, e en lugar de ser un elemento de barreira, e un"cordón umbilical" entre ámbolas dúas cidades. Esta característica representa un dos feitos diferenciadores mais claros de Chaves-Verín con respecto ao resto da fronteira entre Galicia e o norte de Portugal. A idea de crear un corredor ecolóxico na bacía do Támega, ademais de ser un elemento básico de comunicación garantiría entre moitas outras cousas a calidade da auga do Támega e por ende a de todos os acuíferos da zona que son o principal activo da zona. Esta actividade ten como finalidade comezar a desenvolver as accións necesarias para, no futuro, constituír este territorio como Reserva da Biosfera transfronteiriza.
- **Planeamento Territorial Cooperativo:** A constitución dunha "entidade urbana" que teña real valor engadido debese asentar nunha visión común dun territorio que é un suporte activo das actividades a todos os niveis. É evidente que moitas das opcións territoriais ultrapasan o ámbito municipal, por moita calidade que o planeamento municipal poda ter. Esta perspectiva é tanto mais reforzada, neste caso concreto, cando se pretende construír unha realidade urbana innovadora e moi baseada nun concepto de "territorio común" e onde a competitividade se basea en

algúns factores fortemente "espaciais" (recursos naturais, paisaxe, localización estratéxica). Naturalmente, a ambición debe ser contida dentro de marxes realistas: se podemos pensar que os diagnósticos e as grandes opcións de modelo territorial, ou mesmo as solucións operativas, poden e deben ser coordenadas, non debemos deixar de ter presente que os marcos xurídicos para a xestión territorial son bastante diferentes nos dous países/rexións.

- **Chaves – Verín dous Barrios Conectados dunha mesma Cidade:** Para favorecer a interrelación entre dous barrios dunha Eurocidade é obviamente necesario favorecer a mobilidade e o transporte entre ámbolos dous centros urbanos. O transporte público abre oportunidades á sociedade e tende pontes entre actividades e persoas. A enorme falta de servizos neste campo fai do transporte unha das principais demandas dos cidadáns a ambos lados da raia. Esta mellora na relación debe sobrepasar a visión tradicional de entendela sómente dende o transporte privado ou público, senón que debe incorporar transportes alternativos e entenderse dende a perspectiva máis ampla posible.

EE3) DINAMIZACIÓN ECONÓMICA

Nas entrevistas cos axentes sociais xa apuntaban e demandaban un enfoque máis extenso, que superase os límites administrativos Chaves-Verín e de competencia dos dous municipios estudados, desde a consideración de que os mercados laborais por unha banda e os de bens e servizos pola outra, van moito máis aló dos seus territorios e mesmo das áreas circundantes, polo que as consecuencias económicas dunha grande parte das propostas aquí analizadas ultrapasan sen dúbida non só o concepto de residentes no municipio, senón tamén na provincia e mesmo na propia eurorrexión. As dinámicas económicas que se queren poñer en marcha enfrontan así desafíos de complexidade crecente no tempo e no espazo. Algúns deses desafíos teñen relación por exemplo, coa atracción de clientes que poden desprazarse ás veces milleiros de kms para disfrutar de determinados servizos, como é o caso do turismo ou das augas termais. Outros desafíos no canto, están orientados ao interior do territorio, a aproveitar coa maior eficacia social os recursos

endóxenos, e outros en suma, están centrados na mellora da situación competitiva das empresas e do mesmo territorio dentro do mercado europeo e mundial neste momento. De acordo con esas premisas e co obxectivo xeral de mobilizar na Eurocidade o maior número de factores que favorezan o seu desenvolvemento económico, as propostas se recollen en catro grandes medidas (que se concretan en 12 liñas de acción e 35 actuacións): **Destino Termal de Excelencia; Comercio**, **Restauración e Feiras: impulsores de fluxos**; **Cidade Loxística: optimización do posicionamento xeográfico**; e **Valorizar os Recursos Endóxenos segundo unha lóxica de Territorio de innovación e de Iniciativa**.

- **Destino Termal de Excelencia:** Na área territorial de Chaves-Verín existen unhas das maiores concentracións de mananciais de augas termais e mineiro-medicinais da península, recursos que constitúen unha importante fonte de oportunidades para acadar a clasificación de **Destino Turístico Termal** e o desenvolvemento dunha área de **excelencia turística** centrada na **saúde e o lecer**. A consolidación dun espazo de **excelencia turística termal** na área Chaves-Verín require dunha **visión integrada:** unha oferta innovadora e de calidade nas infraestruturas e servizos especializados (balnearios), unha oferta profesionalizada no eido da hostalería e a restauración, o desenvolvemento de servizos e actividades complementarias que dinamicen e xeren sinerxías (centro de interpretación do termalismo, produtos de hixiene e beleza, actividades comerciais, culturais e de ocio, rutas turísticas, entre outras), e a existencia dun contorno amigable, saudable e medioambientalmente sustentable.
- **Comercio**, **Restauración e Feiras: impulsores de fluxos:** Os novos hábitos de consumo e os fortes requirimentos de calidade de servizo, esixen novos enfoques das feiras, das prácticas comerciais e de restauración na zona, combinando, adecuadamente, tradición e modernidade, e dotándoas tamén dunha dimensión complementaria de actividade de lecer e de espazos de relacións sociais, tanto para os habitantes da área como para os visitantes e turistas. Trátase ao través das liñas de actuacións, baseadas na cooperación, de impulsar o desenvolvemento da actividade comercial, feiral e de restauración,

combinando tradición e modernidade, como un importante factor para favorecer os fluxos de intercambio, as interrelacións sociais, o asentamento da poboación na área e a consolidación dun sentimento de pertenza a Eurocidade. A súa vez preténdese que sexan un factor de dinamización territorial relevante para o desenvolvemento turístico e o incremento do atractivo da zona para vivir e producir, especialmente para a implantación de novas actividades.

- **Cidade Loxística: optimización do posicionamento xeográfico: Nun** contexto de centralidade xeográfica e funcional, é natural que ideas como a da creación de unha "cidade loxística" ou "cidade dos transportes" podan ser fortemente mobilizadoras. Mais deben ser encaradas con algunhas cautelas, especialmente por razóns relacionadas con eventuais conflitos deste tipo de actividades con a "marca" central da Eurocidade, que esixe elevados padrós ambientais, mas tamén porque a base económica da rexión non será suficientemente robusta para sustentar, de inmediato, estas apostas; e porque se trata de un dominio en que as diferenzas de regulamentación e de natureza fiscal entre os dous países ten un peso moi relevante; e porque a cooperación neste dominio non ten aínda unha iniciativa ou práctica concreta visible.
- **Valorizar os Recursos Endóxenos segundo unha lóxica de Territorio de innovación e de Iniciativa:** A dinamización deste entorno territorial non pode deixar de considerar as baixas densidades de ocupación humana que o territorio presenta, encontrando para a baixa densidade un modelo de competitividade, o cal ten que integrar novos espazos de competitividade na valorización dos recursos endóxenos, facendo da capacidade empresarial endóxena o motor da mudanza, sen que iso implique perder a ambición de capacidade empresarial esóxena. É necesario reformular o conxunto de recursos endóxenos con posibilidade valorización, debe ser concedida particular atención a recursos que xa presentan presenzas de mercado, dos cales Salientar a economía do viño, das augas naturais engarrafadas, dos recursos forestais, dos granitos e dos modos de produción biolóxicos na agricultura.

ELEMENTAIS CONCLUSIÓNS

Con independencia das actuacións concretas que se leven a cabo tanto por parte dos axentes institucionais, como dos actores económicos directos, o proxecto presentado ten coherencia dentro da teoría do desenvolvemento endóxeno e máis da competitividade territorial, por canto as propostas conteñen elementos de discusión de nivel macro e micro, buscando un equilibrio que facilite a sua aplicación.

A elaboración das propostas seguíu uma metodoloxía axeitada ao nivel de datos e informacións postas ao dispor do equipo relator, usando en primeiro lugar a documentación secundaria existente e completada máis logo coas entrevistas aos actores económicos e axentes sociais, o que significa un alto grao de realismo tanto na análise, coma no planeamento do proxecto en conxunto.

Os tres eixos estratéxicos que estruturan a proposta conteñen á sua vez medidas e actuacións operacionais, que derivan do traballo previo e configuran un documento de síntese directamente aplicable por parte das institucións e axentes económicos.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Aydalot, P (1986) *Milieux innovateurs en Europe.* Prensa Económica. París

Becattini, G (1979) « Dal settore industriale al distretto industriale » in *Rivista di Economía e Política Industriale 1, pp 7-21*

Begg, Iain (1999), "Cities and Competitiveness", *Urban Studies, volume 36, nº 5/6, pp.795-809*

Brusco, S (1982) "The Emilian Model: productive decentralization and social integration" in *Cambridge Journal of Economics, 6, pp 167-184*

Camagni, R (2002) "On the concept of territorial competitiveness; sound of misleading" in *Urban Studies, vol 39 nº 13*

Dominguez, L (2008) (dir) *Chaves-Verín: a eurocidade da auga.* Ed. Eixo Atlántico. Vigo

ECORYS (2003) *A study on the factors os regional competitiveness.* Rotterdam

Figueiredo, A e Silva, MR (2004) "Factores territoriais e institucionais de internacionalizaçâo da cidade-regiâo" in *Actas Congreso Porto Cidade-Regiâo*. Serv. Pub Univ Porto

Figueiredo, A e Pardellas, X (2005) "Innovaçâo e competitividade nas cidades do Eixo Atlántico e as súas áreas de influencia" in Souto, XM et al. *Segundos Estudos Estratéxicos do Eixo Atlántico.* Ed. Eixo Atlántico. Vigo

Fuá, G (1983) "L´industrializzazione nel nord es e nel centro" in Fuá, G e Zachia, C (Eds) *Industrializzazione senza fratture*. Il Mulino. Bolonia

Garofoli, G (1983) "Le aree sistema in Italia" in *Politica e Economía, vol 11, pp 17-34*

González Gurriarán, J. e Figueroa Dorrego, P. (2008). *Visión Estratégica del Sistema Productivo de las comarcas de Ferrol, Eume y Ortegal*. Instituto de Desarrollo Caixanova. Vigo.

- (2007): *Visión Estratégica del Sistema Productivo del Área Metropolitana de A Coruña.* Instituto de Desarrollo Caixanova. Vigo.
- (2006): *Visión estratégica del Sistema Empresarial del Área Metropolitana de Vigo. Evolución 2000-2005 y expectativas*. Instituto de Desarrollo Caixanova. Vigo.
- (2005) *Plan Estratégico de Innovación de Galicia 2010*. Xunta de Galicia. Consellería de Innovación, Industria e Comercio. Dirección Xeral de I+D. A Coruña.

Krugman, Paul (1994), "Competitiveness – a dangerous obsession", *Foreign Affairs, volume 73, pp.28-44*

- (1996), "Making sense of the competitiveness debate", *Oxford Review of Economic Policy, volume 12, pp.17-35*

Pardellas, X (2000) (dir) *Plan de Infraestruturas do Eixo Atlántico.* Ed. Deputación Pontevedra

- (2007) "Políticas de desarrollo regional en la eurorregión Galicia-Norte de Portugal" in *Papeles de Economía Español, 22, pp 213-221*

Porter, Michael E. (1990 e 1998), *The Competitive Advantage of Nations*, London: Mac Millan

- (2002), "Building the microeconomic foundations of prosperity: Findings from the microeconomic competitiveness index", in *The Global Competitiveness Report 2002*

Sala-i-Martin, Xavier (2003), *Executive Summary of the Global Competitiveness Report 2003*, World Economic Forum

Turok, Ivan (2004), "Cities, Regions and Competitiveness", *Regional Studies, volume 38, nº 9, Dezembro*

Vázquez Barquero, A (1983) "Industrialization in rural areas. The Spanish case" in *CT/RUR/113/06, OCDE*

- (1999) *Desarrollo, redes e innovación.* Pirámide. Madrid

- (2005) *Las nuevas fuerzas del desarrollo.* A. Bosch Ed. Barcelona

ANEXO:

EIXO	MEDIDAS	LIÑAS DE ACCIÓN
EE1. Forxar Eurocidadanía	1.1. Uma zona franca social	1.1.1. Promover a consolidação da euro-identidade 1.1.2. Incentivar uma dinâmica cultural conjunta 1.1.3. Potenciar a partilha de recursos e a realização de eventos desportivos conjuntos 1.1.4. Educação, qualificação e emprego
	1.2. Cidade da saúde	1.2.1. Garantir o acceso universal aos servizos públicos de saúde 1.2.2. Converter a Eurocidade nun referente europeo de saúde e natureza
	1.3. Cidade criativa	1.3.1. Organizar acções de visibilização e demonstração das práticas endógenas de criatividade. 1.3.2. Criação da Escola de Letras (Casa da Escrita) Chaves-Verín 1.3.3. Promover a disseminação transversal de experiências de criatividade, alargando-as a todas as manifestações do projecto Chaves-Verín. 1.3.4. Formar para a criatividade.
EE2. Un território sustentable	2.1. Cidade ecolóxica do Támega	2.1.1. Mellora da calidade da auga e dos ríos como clave de desenvolvemento 2.1.2. Creación dun sistema verde de calidade. Unión sistemas urbano e rural 2.1.3. A transformación ambiental. Axenda 21 compartida 2.1.4. Rehabilitación do medio rural e o medio urban tradicional
	2.2. Planeamento territorial cooperativo	2.2.1. Criação de uma plataforma de partilha de informação técnica sobre planeamento e gestão do território 2.2.2. Planeamento e gestão integrada de sistemas territoriais
	2.3. Chaves-Verín. Dous barrios conectados dunha mesma cidade	2.3.1. Creación dun transporte público entre os dous principales barrios da eurocidade 2.3.2. Mellora da conectividade a rede global e as novas tecnoloxías 2.3.3. Estudo e potenciación dos transportes alternativos

EIXO	MEDIDAS	LIÑAS DE ACCIÓN
EE3. Dinaminazión económica	3.1. Destino termal de excelência	3.1.1. Incrementar o valor social e de mercado dos recursos termais ao través da cooperación empresarial 3.1.2. Promover e apoiar a renovación das instalacións balnearias e hoteleiras a fin de ser consideradas destino de excelência 3.1.3. Configurar un destino turístico integral ligado á natureza e á auga
	3.2. Comercio, restauración e feiras: impulsores de fluxos	3.2.1. Concepción e xestión dunha área comercial común. 3.2.2. Impulsar a renovación e a profesionalización das actividades comerciais. 3.2.3. Potenciar a renovación das actividades de restauración da Eurocidade 3.2.4. Promover de forma integrada as feiras tradicionais singulares e desenvolver feiras especializadas
	3.3. Cidade logística: optimização do posicionamento geográfico	3.3.1. Ordenamento do tráfego rodoviário de mercadorias 3.3.2. Criação de um sistema integrado de plataformas logísticas e de acolhimento empresarial
	3.4. Valorizar os recursos endógenos segundo uma lógica de território de inovação e de iniciativa	3.4.1. Maximizar a incorporação de novo conhecimento em recursos endógenos já em curso de valorização competitiva. 3.4.2. Alargar a fronteira dos recursos endógenos a valorizar competitivamente, mobilizando novos recursos e nova capacidade empresarial. 3.4.3. Dotar a capacidade empresarial endógena instalada na valorização competitiva de recursos endógenos de condições favoráveis à ocorrência de formas de inovação incremental, incluindo a formação.